

SALDOIRA

Os nosos artistas

Letras Galegas

**NOTICIAS
DESTE
CURSO
ESCOLAR**

**ACTIVIDADES
21-22**

**As
excursións**

Artigos de opinión

Reflexións

Relatos

**2022 ANO DE
FLORENCIO
DELGADO**

E moito máis...




EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

Revista do IES Martaguisela. Curso 2021-22

Exposición MARTAGUISELARTE organizada pola ANPA



Concurso fotográfico
"Os vieiros de Florencio"



Bacharelato de artes



Os acios con palabras de Florencio na arteria principal do Barco



INDICE

XUÑO 2022

- 4 | Florencio Delgado Gurriarán: Letras galegas 2022
- 5 | Festival das Letras: Valdeorras infinda
- 6 | Espertando dun soño
- 7 | Relatos do Samaín
- 8 | A miña primeira excursión, desde bufff...
- 8 | Debe de haber outro xeito de vivir
- 9 | Arte, moita arte por favor!
- 10 | Cambio climático
- 10 | Como medir a calidade de vida?
- 11 | Debe de haber outro xeito de vivir
- 11 | Gústanos saber de vós: Lorena Gil
- 12 | Volver ás orixes, volver ás excursións
- 13 | Crónica de Burgos e Madrid
- 14 | FlorenComic
- 15-18 | Alumnado e persoal do IES
- 19 | Xa sei que a titoría non é un mito pero son de Clásicas
- 19 | Córghomo, nas súas palabras. Córghomo, segundo nós
- 20 | FlorenComic
- 21 | Novo dicionario de emocións
- 22 | "Il dolce far niente"
- 22 | Que a sorte vos acompañe!
- 23 | Memes filosofía
- 23 | Recomendamos 2022
- 23-28 | Breves
- 29 | Non é unha despedida máis
- 29 | Secretarios, profesores e compañeiros
- 30 | In Memoriam Carmiña. Conserxe do IES Martaguisela



Equipos de Dinamización da Lingua Galega

Aínda sorteando os últimos embates da pandemia neste curso escolar sorprendíanos a dolorosa noticia dunha guerra en Europa. Se non se lle podía pedir normalidade a un mundo en estado de pandemia, un conflito bélico destas dimensións disparaba a nosa angustia máis se cabe. Volta á incerteza, ao desatino e á desesperación. Por outra parte, rematabamos o curso anterior cunha boa nova, motivo de celebración para os valdeorreses: Florencio Delgado Gurriarán era elixido como homenaxeado o día das Letras Galegas 2022. Estamos pois no ano de Florencio.

A cuestión era... que portada debería ter a nosa revista este curso? Certo que tiñamos unha foto conmovedora sacada durante unha marcha que centros de ensino do Barco fixeron contra a guerra o día 7 de abril. A foto reunía case todo, un gran traballo dos rapaces de 3º ESO implicándose na elaboración dunha pancarta fermosa e a participación e compromiso da mocidade na esperanza dun mundo mellor. **Pero eliximos a Florencio**, o poeta e intelectual de Córghomo que tivo que fuxir para salvar a súa vida ameazada pola ditadura franquista. Eliximos, por tanto, a loita coa palabra, coa poesía combativa, eliximos o compromiso co patrimonio cultural e emocional dun pobo. **Eliximos a Florencio no convencemento de que a cultura nos salvará, como camiño cara a liberdade e a paz.**

COORDINADORA: Marta Cortés

REVISIÓN ORTOGRÁFICA: Luisa Rigueira

COLABORACIÓNS: Manuel Agra, Pilar López, Manuel Barreiro, Ana María Fernández, César González, Iago Novoa, Clara Vizcaya, Elva Delgado, Fernando Alonso, Manuela Álvarez, Pilar Alonso, David Cao, Samuel Pichel, Lorena Gil, Mauro Docampo, Lara Poncelas, Javier da Costa, Iker Rodríguez.

DEBUXO DE PORTADA: Mauro Docampo é alumno do Bacharelato de Artes. Cursa 2º curso. Mauro ten calidades para moitas das disciplinas artísticas, entre elas a música e as artes plásticas, nestas últimas amosa preferencia pola temática do retrato e o deseño.

FOTOGRAFÍAS A PÉ DE ARTIGO: Todas as fotos- colaxe ilustrando versos de Florencio e que encabezan algún dos artigos, foron cedidas polo noso compañeiro, xa xubilado, Manuel Agra, profesor de Lingua Galega e un gran fotógrafo.



Letras Galegas 2022

Florencio Delgado Gurriarán: Letras galegas 2022

Manuel Agra. Profesor xubilado de Lingua Galega do IES Martaguisela

O Pleno da Real Academia Galega (RAG) celebrado o día 2 de xullo de 2021 acordaba dedicarlle o Día das Letras Galegas de 2022 a Florencio Manuel Delgado Gurriarán. Os motivos que daba a Academia eran o seu "labor literario" e o seu "activismo político e cultural". O feito de ser un "excelente poeta...cultivador dun galego enxebre, característico das terras de Valdeorras" e, ao mesmo tempo, a través da súa figura homenaxear "a Galicia do exilio republicano en México".

"Meu Córghomo de Valdeorras é bocarribeira crara.

Por Córghomo de Valdeorras non anda a Santa Compañía, porque o bon viño escorrenta medos, trasnos e pantomas."

Nado en Córghomo -Vilamartín de Valdeorras, Ourense- o día 27 de agosto de 1903, a partir dos seis anos de idade tivo que realizar continuos traslados por mor da profesión -perito agrícola- do pai. Viviu en Ourense, Palencia e Valladolid, cidade está última na que se licenciou en Dereito.

De volta a Valdeorras, en 1928, exerce como avogado no Barco.



Na biblioteca familiar de Córghomo lía Florencio -nos veráns- as obras de Rosalía, Curros e Cabanillas.

En 1933, ingresa no Partido Galeguista e tras o golpe de estado do 18 de xullo de 1936, ten que fuxir da represión franquista iniciada en Valdeorras. Tras pasar por Tourém (Portugal), Porto, Bordeos, París e Barcelona, o día 7 de xullo de 1939, chega a Veracruz (México) a bordo do barco Ipanema xunto con outros 998 refuxiados políticos.

"A esta terra da infinda primadeira a nova primadeira vai chegar e a xacaranda teima en estoupar, foguete malva, na mañán marceira."



presentante de medicamentos nunha farmacéutica ata a xubilación.

Xunto con outros exiliados, en México, Florencio participou na posta en marcha do Grupo Saudade (1942), que editou a revista co mesmo nome. Crearon o Padroado da Cultura Galega (1953) que será o que poña en marcha a revista Vieiros (1959) -da que Florencio é un dos directores- e o programa radiofónico Hora de Galicia.

Tres foron as viaxes que fixo Florencio a Galicia: en 1968, en 1976 e en 1981 (na que pronunciou o Pregón das Festas do Cristo e recibe a medalla de académico correspondente da RAG).

Cando estaba visitando as súas fillas en Fair Oaks (California), Florencio falece dunha doenza cardíaca o 14 de maio de 1987. Desde xullo dese 1987, as súas cinzas descansan no seu Córghomo de Valdeorras.

Polo que respecta a situar Florencio nunha xeración, a crítica sinala a dificultade dado que o autor de Córghomo viu tronzada a súa natural evolución pola guerra e o exilio. Con todo, hai coincidencia en sinalar a súa débeda coa poesía de Amado Carballo, polo que poderíamos falar de Xeación de 1925.

A poesía de Florencio Delgado Gurriarán aparece recollida, fundamentalmente, en catro títulos: *Bebedeira* (1934), *Galicia infinda* (1963), *Cantarenas* (1981) e *O soño do guieiro* (1986). O núcleo de *Bebedeira* (1934) son poemas so-



En México desenvolveu múltiples ocupacións: vendedor de fertilizantes, zapatos, aceite, ata que finalmente traballou como re-

bre o mundo do viño e da viña. Tamén son frecuentes os referidos á paisaxe valdeorresa: a paisaxe montañesa, os soutos e os castiñeiros.

Galicia infinda (1963) contén 43 poemas. Os tres primeiros, soltos ("Galicia infinda", "Nomes" e "Resposta a Rosalía"). Os outros corenta, agrupados en cinco apartados: "Cantarenas", "Valdeorras", "Castiñeiros", "Varia" e "Poemas mexicanos". As tres primeiras partes recordan o estilo hilozoísta de *Bebedeira*. Nos poemas mexicanos aparecen trazos da cultura e da música do país que acolleu a Florencio.

Cantarenas (1981), tras un Limiar de Xosé Gaioso Díaz no que analiza a vida e a obra de Florencio, está dividido en tres apartados: "Bebedeira", "Valdeorras" e "Dionisias. Cantarenas do viño". No apartado de "Bebedeira" reproduce os 32 poemas do libro *Bebedeira* de 1934. A maior parte do apartado "Valdeorras" xa foran recollidos en *Galicia infinda* de 1963. Os dez poemas de "Dionisias. Cantarenas do viño" fan honra ao título do apartado.

O soño do guieiro (1986) é unha homenaxe ao seu amigo e compañeiro político, Castelao. Son poemas de carácter social e reivindicativo publicados durante a República, a guerra e o exilio. No libro hai composicións sociolingüísticas e de defensa da lingua galega en todos os contextos: da toponimia enxebre... Noutros poemas, satiriza a figura de Franco e critica os falanxistas.

Practicamente, monolingüe en galego, Florencio é un defensor apaixonado da lingua galega. El mesmo deixou escrito que o seu galego é, máis ca collido do pobo, aprendido nos libros. E, a verdade é que nos poemas de Florencio hai continuas referencias intertextuais a Rosalía, Pondal, Curros, Cabanillas, Castelao, Amado Carballo, Manuel Antonio, Iglesia Alvaríño, Celso Emilio Ferreiro... Nótase que o poeta de Córghomo coñecía ben a literatura galega. Mais tamén Florencio sinala a débeda do seu galego coa lingua do pobo. Defende, por exemplo, o uso do plural valdeorrés en -ois. Como dicíamos ao principio, un dos motivos que daba a RAG para homenaxear o poeta de Córghomo era por ser "cultivador dun galego enxebre, característico das terras de Valdeorras".

Defensor de Galicia e da súa cultura -defensor de Valdeorras-, oxalá a homenaxe das Letras Galegas de 2022 sirva para que leamos máis a obra de Florencio e sigamos o seu exemplo de compromiso coa terra.

Letras Galegas 2022

Festival das Letras: Valdeorras infinda

Equipo de Dinamización da Lingua Galega do IES Martaguisela

O ano 2022 é o de Florencio Delgado Gurriarán, o poeta e intelectual de Córrego que tivo que exiliarse a México para fuxir do terror da ditadura franquista. O 2022 tamén vai ser o ano de Valdeorras. Queremos colocar Valdeorras no mapa, pretendemos que Florencio sexa a voz dunha terra bastante descoñecida para o resto do país, pero infinita nas súas posibilidades, igual que a "Galicia infinda" da que nos fala o poeta. E serán precisamente as súas palabras, os seus versos, os que dan forma ao traballo conxunto que fixemos os equipos de dinamización da totalidade dos centros de ensino do Barco de Valdeorras.

As palabras de Florencio, as voces dialectais do galego desta terra, a súa xeografía, a súa economía, a súa historia.... foron protagonistas desta nosa proposta que pretende facer universal a mensaxe do autor e dalo a coñecer entre as súas xentes. **Imos poñer de moda Valdeorras, porque é "infinda"**. Como todos os anos os centros educativos do Barco de Valdeorras xuntamos esforzos para organizar actividades co gallo da Semana das Letras Galegas. Ademais da colaboración co concello a través dunha exposición na rúa principal do Barco, tamén o fixemos, unha vez máis, co Centro Comercial Aberto do Barco de Valdeorras, asociación, esta última, que agrupa a establecementos comerciais diversos da vila. Pretendemos conseguir así a maior difusión das nosas iniciativas.

A proposta centrouse no traballo do alumnado que se destinou á cidadanía e que se expuxo a través de dúas canles: os escaparates do Centro Comercial Aberto e exposición en colaboración co Concello do Barco.

A) Para o alumnado dos centros de ensino do Barco:

• Centro Comercial Aberto

O profesorado dos centros participantes forneceu ao conxunto do alumnado dunha serie de versos da obra de Florencio Delgado Gurriarán, escollidos polo seu contido para cada nivel educativo. Unha vez analizados, propúxolle que fixeran unha fotografía que os ilustrara. Cada alumno e alumna utilizou a súa sensibilidade e a súa imaxinación para traducir os versos en imaxes.

Con todas elas realizamos unha exposición virtual na entrada do centro. Todas as fotografías entraron dentro dun concurso en cada centro.

As fotografías premiadas dos centros formaron parte da exposición que se realizou

nos escaparates dos establecementos do Centro Comercial Aberto.

• Concello do Barco

O alumnado de Plástica de 1º de ESO, xunto coa súa profesora Marta Cortés,



Os acios con palabras de Florencio na arteria principal do Barco

Acios xigantescos con palabras da obra de Florencio penduran xa fermosos na principal rúa da vila!

ilustrou, con forma de uva, termos propios da variante dialectal valdeorresa, así como palabras que se refiran a esta comarca: espazos xeográficos, plantas, animais, produtos do campo, personaxes.... presentes nos poemas de Florencio. Estas uvas, e en colaboración co Concello do Barco, que deseñou a actividade, imprimíronse en paneis xigantes formando acios que se penduraron nas rúas principais.



Verde mantelo de vides, cobre o teu corpo de femia.

Foto premiada polo Centro Comercial Aberto o 3 de xuño

A fotografía gañadora do concurso Centro Comercial Aberto de O Barco foi a de Natalia Brasa (3º ESO).

B) Para toda a cidadanía:

• Traballamos co Centro Comercial Aberto Quixemos conseguir a participación de toda a vila organizando unha xincana polos establecementos comerciais, optando así a un premio. O Centro Comercial Aberto



Miña noiva, miña terra

IES MARTAGUISELA



As tres fotos gañadoras no noso centro foron as de Miguel Ortiz (4º ESO), Santiago Sánchez (3º ESO) e Mario Álvarez (3º ESO).

proporcionou nas tendas uns folletos nos que apareceron a totalidade dos versos ou palabras que se encontran nos establecementos comerciais. A xincana consistiu en asociar cada un deles ao negocio no que se expón.

Entre todos os participantes que completaron o percorrido farase un sorteo no que será escollido o gañador ou gañadora. O premio entregarase nun acto na sede do CA no que participarán todos os centros de ensino. O Centro Comercial Aberto premiou os autores ou autoras das fotografías.



Letras Galegas 2022



• Expuxemos nas principais rúas do Barco.

Os termos ilustrados en uvas procedían non só da variante dialectal valdeorresa, senón tamén palabras que se refiran a esta comarca: espazos xeográficos, plantas, animais, produtos do campo, personaxes..... que aparecen na obra poética de Florencio.

Difundir a figura e a obra de Florencio Delgado Gurriarán, autor

homenaxeado no Día das Letras Galegas 2022 era o noso obxectivo. Parabéns a todos os axentes, que foron moitos, implicados neste gran traballo, especialmente aos centros de ensino e veciñanza de Córghomo, xente xenerosa e unida aínda máis se cabe no ano das Letras de Florencio!

"Meu Córghomo de Valdeorras é bocarribeira crara"



"Por Córghomo de Valdeorras non anda a Santa Compañía"



2022 ano de Florencio D G



Espertando dun soño

Elva Delgado. Profesora xubilada de Inglés do IES Martaguisela

Aínda estamos espertando como dun soño, un soño anhelado desde hai moitos anos pero que, como podemos constatar toda Valdeorras, se fixo realidade; a Florencio Delgado Gurriarán, parente meu, pagóuselle unha débeda que se tiña contraída coa súa persoa e que a partir de 1980 empezaría a pagarse; sería o IEV o que se lembraría del cando no caderno Nº 1 incluíu aportacións literarias de Florencio Delgado e cando no 81, a petición tamén desa entidade se publicase o libro de Florencio "Cantarenas".

A partir daquel ano serían moitas homenaxes, actividades... que asociacións, familiares, colexios, cantautores, etc. levarían a cabo para que este 17 de maio, por fin, Florencio Delgado Gurriarán fose o protagonista de toda Galicia.

Para a miña familia, para Córghomo, para o Concello de Vilamartín, para toda Valdeorras, Ourense, Galicia,... foi un soño laborioso (porque traballamos moito para que este día chegase) pero mereceu a pena.

O día 13 chegaron a Santiago as súas fillas, Celia (Cheli), Maruxa e Carmiña, acompañadas por una amiga; recolleunas miña irmá no aeroporto e xa, ese mesmo día, virían para O Barco.

Se a familia Delgado en pleno estabamos moi emocionados, imaxinádevos como estarían elas cando se viron na Terra do seu pai; Cheli veu a España en dúas ocasións, no ano 1970 (despois da 1ª viaxe do seu pai no 1968) e a segunda no ano 87, ano da morte de Florencio. Cheli faría esa primeira viaxe para constatar se en Córghomo había boas expectativas para regresar de México e vivir aquí. A súa opinión sería que en Córghomo non había ambiente intelectual; que estaría ben para pasar unhas semanas ou uns meses, pero que o mellor sería vivir nunha

cidade como Vigo, por exemplo.

A familia Delgado tiñámoslles unha sorpresa; nin máis nin menos que un encontro – xuntanza cos membros da familia Delgado por parte do meu avó e primo do poeta, Antonio Delgado Delgado. O día empezaría visitando con elas a casa de nacemento do seu pai, no barrio da Cruz en Córghomo, onde Enrique, alcalde de Vilamartín e actual propietario desa finca, nos ensinaría e explicaría os proxectos que ten para esa casa. Despois dunha sesión fotográfica por parte do xornal, a continuación iríamos a unha adega de Córghomo onde nos esperaban máis de 40 Delgado para saudar e compartir o xantar coas fillas de Florencio.

Como non podía faltar, houbo troula, cantarenas e bailes. Foi una xornada preciosa.

Estes días as súas fillas estarían moi entretidas en actividades como o Serán Poético, o concerto de SR. Jingles, musicando poemas do seu pai, o Concerto das letras no Teatro Lauro Olmo... Outras actividades máis institucionais como unha cea de benvida a elas e ás autoridades da Real Academia Galega... O día 17 sería en Córghomo o Acto Oficial da Real Academia Galega e a continuación asistirían á "Florenciada", encontro popular da Veciñanza de Córghomo e a Real Academia Galega. Esperamos que estas Letras Galegas 2022 constitúan para todos os valdeorreses un antes e un despois nas nosas vidas, para constatar que vivimos nunha comarca privilexiada, que temos unha paisaxe envexable , que temos unha xente agarimosa, unida ante os proxectos e as dificultades, e que se nolo propoñemos podemos conseguir que "calquera soño se converta en realidade".

Parabéns a todos os valdeorreses !

ESTRANHAS CHAMADAS

Foi unha tarde de Decembro, aínda que era cedo xa escurecera. Eu xa non pensaba máis, estaba cansa pois tiña partido esa semana, e ademais no fondo alegrábase de verme quedada na casa, imaxinando ese pracer que deí ter tempo libre para facer o que che pete. Así que comecei ese ritual que facía de vez en cando: librar de obxectos molestos a sofá, coller a manita fofueta de papel e colocala cerca do mundo da televisión. Como tamén me gustaba moito greñar o miúdo no microondas deixeiros preparados. Todo era perfecto, ata chousa fora, os meus pais tardarían en chegar e por fin podería ver a miña serie fofueta en modo maratón. Cando estaba a comer a capítulo, de súpeto son o meu teléfono móbil.

- Do, será mamá para que recolla a roupa do tendal. Pois non lle challo! Xusto agora que Sach vai tomar a decisión que o cambiarei todo, non me anules! Xusto voláse a man o móbil.

- Vale mamá! Ti gañas, colla o móbil e contesta. Mamá que queres? Pero ninguén me contesta. Pois xa volverei chamar. E así pasan. Desta vez mirei a pantalla ao descalgar. Non había ningún sinal de que tipo de chamada era. E o mesmo, cando descalgo nin rastro de ninguén.

Na serie, Jack o protagonista, estaba a piques de abrir a caixa que agachaba o misterio do tempo. E meos... R2NNNNNGGG! Son o móbil de novo. Non o podía creer. Pero outra vez, non había rastro de quen.

Chamaba, nin se podía identificar de onde veía esta chamada. Así que mirei o recibo, alí non había nada...

Entón que estaba a pasar? Este era Antonio, sabe de tecnoloxía e quere nirse de min. Vale, voo a ver.

Non te challo o teléfono, así que quítille o son. O molo é que xa estaba, intranquila. Deixei a Jack en pausa e chamei aos meus pais, non contestaban. O teléfono seguía a vibrar... e así durante dos minutos! E do mesmo xeito. Sen nome, sen identificación. Como se estivesen.


Todo ou me chamaran do máis aló. Apaguei o tel e cando estaba a piques de montar a miña na miña descomposición por afastarme de aquel aparello, entraron meus pais.

- Home! Onde vas con este tempo? Ya che vale, estivesen todo a tarde a chamarte. A roupa debe estar empagada no tendal coa que estás a casa, pero ti segues que aporreado coa serie esa.

- Como? Eredes, non? Pero... non teño nada no recibo de Chamadas! O teléfono sabe si... por... nonha por...

- Quíreme axudar! Quíreme chamados rapas. Ya sabes como é de insistente a túa nai. Velaí des. Mira.

E alí estaban, unha por unha as chamadas ao meu móbil.



Relatos do Samain

UNHA TARDE TERRORÍFICA

Era unha tarde de principios de outono cando Xoán, Pedro e Lucía quedaron para ir en busca de cogomelos ao bosque. Levaron as súas bicicletas e uns pequenos cestos para os cogomelos. Estaban a divertirse cando, de súpeto, se puxo a chover, pouco a pouco o ceo escurecía máis e choiva con maior intensidade.

Non sabían que facer cando Xoán se acordou de que ao final do bosque había un antigo castelo abandonado no que non vivía ninguén e no que se podían refuxiar da tempestade. Os seus pais prohibíralle entrar, e ademais a eles dáballe moito medo, xa que desde cativos escoitaban no pobo que nese castelo se cometían asasinatos, e nos noites de tormenta podíanse ver, a través dos ventís sen cristais calcos os que lle faltaba o corpo e corpos sen cabeza, aínda así Xoán convencenos de refuxiarse alí da enorme tempestade. Lucía non estaba de acordo, pero non lle quedou máis remedio que aceptar, xa que os demais decidiron entrar, e a ela atemorizábase a idea de quedarse soa.

Os relampagos cada vez eran máis seguidos e os truenos máis fortes. De súpeto vixan como un raio partía unha olibore en dúas, así que botaron a correr cara a porta do castelo sen pensalo dúas veces.

Ninguén quería ser o primeiro en entrar, o final Pedro, que era o máis valente deu o primeiro paso e os demais seguírono. Cando abriu a porta, esta fixo un ruído terrorífico, e cando entraron todo estaba atemorizado de tons de araña dos que calgaban enormes tarántulos.

A cada paso que dabarva madeira do chan, chea de fendas parecía que lá rachar, e por si eso fora pouco, saían ratos e escorpions dos múltiples buratos que había.

A medida que avanzaban dáballe a impresión de que os vixaban e mesmo os seguían.

Escoitaron un terrorífico son que os atemorizou e acordaron separarse para averiguar de onde procedía. Xoán e Lucía foron cara a coisna, onde non atoparon nada e Pablo mirou axiña co mesmo resultado, nada novo. Ao baixarse xunto aos demais no comedor e decatáronse de que o ruído procedía do relaxo da parede e pensaron que alguén lle tivera que dar a carola, logo, non estaban soos. Tiñan o corazón nun puño cando escoitaron unha voz que procedía do soto, estaban atemorizados, pero aínda así decidiron ir botar unha ollada. Cando baixaron puideron apreciar a sombra de alguén que levaba un machado, remellábase a un verdugo. Saíron correndo, e con tanta prisa Lucía meteu o pé nunha dos fendas que había na escaleira, tiralaban e tiralaban, mais o pé estaba atascado e non saía. Abrázanse a súa amiga convencidos de que ían morrer, e mesmo se puxeron a chorar, cando se tranquilizaron un pouco e permaneceron un intre calados, escoitaron unhas enormes gargalladas, e resultou que quen eles pensaban que era un verdugo resultou ser Tomo, un rapaz de primeiro de bacharelato que estoupaba coa vida.

No castelo non había fantasmas, nin vampiros e tampouco asasinatos, só eran os de bacharelato disfarzados e dispostos a pasalo de medo celebrando no castelo a súa festa do Samain, e que ao ver que decidían gastarlles unha bromita

Diego Nogueiras Pérez (3ºESO B)

FIN

A miña primeira excursión, desde bufff...

Alumnado 3º ESO



O día 27 de abril, fomos de excursión a Celanova. Estabamos moi contentos pero á vez nerviosos porque era a nosa primeira excursión da ESO, xa que debido á pandemia non puidemos ir a ningunha. Foi un día moi movido, pero tamén moi divertido.

Ás 8.30 subimos ao autobús e comezou a nosa viaxe. Chegamos ao noso destino sobre as 10.20. Unha vez alí, visitamos un convento coa súa impresionante igrexa e capela; e no IES Celso Emilio Ferreiro, a súa biblioteca, que anteriormente fora a armería da milicia nacional, e xardín interior, que parecía que te atopabas no mesmísimo colexio de Harry Potter. Tamén nos levaron á Casa dos poetas onde viviu Curros Enríquez e, grazas á

guía, coñecemos un pouco da vida deste famoso poeta galego. Despois da nosa visita guiada, fomos ao mosteiro de San Salvador onde nos ofreceron un concerto de órgano. O repertorio foi variado, xa que ademais de cancións de igrexa, desfrutamos das bandas sonoras de Drácula, Harry Potter ou Piratas del Caribe. Cando rematou, volta ao autobús. Agora con destino ao centro comercial de Ourense, onde comemos e pasamos a tarde.

En resumo, unha boa experiencia!




Arte, moita arte por favor!

Aquí vai unha pequena mostra do talento dos nosos artistas do Bacharelato de Artes. Que sería da nosa vida sen arte? Un total aburrimiento, pero ademais a arte é a expresión do noso tempo, a arte emociónanos, inspíranos, é unha linguaxe universal única, fainos reflexionar, serve para comunicarnos...e poderíamos seguir enchendo baleiros que só a arte podería completar, completarnos como seres humanos que fan do mundo un sitio mellor.



Bebedeira (1934)
Galicia infinda (1963)
Cantarenas (1981)
O soño do guieiro (1986)

2022 ano de FLORENCIO D G





"Os alfinetes do ourizo feriron nas mans do vento"

2022 ano de FLORENCIO D G



Cambio climático

Samuel Pichel. 2º ESO

Estamos a enfrentar a ameaza máis grave da historia do planeta. É como unha bomba silenciosa que apunta a detonar. Para evitar unha catástrofe inaudita o obxectivo principal sería reducir a cantidade de gases tóxicos que chegan á atmosfera. Antes de explicar como podemos axudar ao planeta, vou narrar unhas poucas consecuencias que xa se viven no presente: os últimos sete anos foron os máis calorosos da historia, sendo xuño de 2021 a máxima temperatura global. Os insectos e anfíbios son os animais máis afectados, a consecuencia os depredadores destes animais tamén morrerán ao non ter con que alimentarse. O nivel do mar segue a subir. Entre 1901

e 2018 o nivel subiu 25 centímetros. Máis de 400 macrozonas do mar mortas polo vertido de fertilizantes. Se morren os corais, para 2050 estímase que morrerán o 90%. A Antártida perde o tamaño do Everest anualmente. Nos últimos 23 anos a perda de xeo foi o 65%, uns 28 billóns de toneladas. O ano pasado foi a primeira vez que choveu en Groenlandia. O único que creo que podemos facer os cidadáns é CONCIENCIAR, CONSUMIR MENOS E EMPREGAR OS TRES ERRES: REDUCIR, REUTILIZAR E RECICLAR. SOBRE TODO SER CONSTANTES.



"Todas as casas do pobo xogan ás escondedelas, eu ando por apillalas... aí de min, que non dou coelas!"



2022
ano de
FLORENCIO D G

Como medir a calidade de vida?

Iker Rodríguez 4º ESO

Medir o benestar dos individuos non é unha tarefa fácil, xa que todo índice de benestar inclúe unha serie de factores subxectivos de difícil cuantificación. O Produto interior bruto é un indicador económico de gran importancia pero non mide a calidade de vida.

O alumnado de Economía, buscamos información sobre indicadores alternativos ao PIB e mostrámosvos o resultado da nosa investigación:

1. **Índice de desenvolvemento humano:** usa 3 parámetros para medir a calidade de vida dun país:

- Esperanza de vida.
- Nivel de vida digno (PIB per cápita).
- Educación (anos de educación obrigatoria, alumnos matriculados en distintos niveis, e taxas de alfabetización).

2. **Indicador de Progreso Xenuíno ou Real (IPX)** O índice de potenciación de xénero (IPX) é un indicador social que mide o nivel de oportunidades das mulleres. Por tanto, mide tamén as desigualdades en tres dimensións de parti-

cipación das mulleres. É elaborado polo Programa das Nacións Unidas para o Desenvolvemento (PNUD).

As dimensións e os seus indicadores son:

- Participación política e poder de decisión. Medido pola proporción de mulleres e homes con escanos parlamentarios.
- Participación económica e poder de decisión. Medido pola participación de mulleres e homes en postos lexisladores, altos funcionarios ou directivos e participación de mulleres e homes en postos profesionais e técnicos.
- Control sobre os recursos económicos. Estimación de ingresos percibidos por mulleres e homes.

3. **Sistema de Contabilidade Ambiental Económica Integrada (SCAEI)**

Elaborado pola ONU no afastado 1993, o SCAEI inclúe unha completa análise ambiental, aínda que deixa fóra aspectos que si mide o xa visto IPG.

Sintetizando, o SCAEI inclúe o esgotamento dos recursos naturais na produción e o consumo final, ademais dos

efectos da contaminación causada polas actividades de produción e consumo na calidade do medio ambiente (emisións).

4. **O PIB verde** ou Produto interno bruto verde é un indicador de crecemento económico que ten en conta as consecuencias ambientais do crecemento económico medido polo Produto interno bruto ou PIB convencional.

5. Indicadores tipo Pegadas: A **pegada ecolóxica** e a **pegada hídrica**.

A pegada ecolóxica é un indicador do impacto ambiental xerado pola demanda humana que se fai dos recursos existentes nos ecosistemas do planeta, relacionándoa coa capacidade ecolóxica da Terra de rexenerar os seus recursos.

A pegada hídrica ou pegada de auga defínese como "métrica que cuantifica os impactos ambientais potenciais relacionados coa auga", de acordo coa Norma Internacional ISO 14046:2014.

6. **A felicidade nacional bruta (FNB)** ou felicidade interna bruta (FIB) é un indicador que mide a calidade de vida en termos máis holísticos e psicolóxicos que o produto interno bruto (PIB).

Gústanos saber de vós: Lorena Gil

Equipo de Dinamización da Lingua Galega

Lorena Gil foi alumna do IES Martaguisela e actualmente é enxeñeira no Centro Tecnolóxico de Telecomunicacións de Galicia (Gradiant)

Grazas Lorena, por ternos atendido tan amablemente.

1- Para comezar gustaríanos saber cal foi a túa traxectoria profesional ata chegar ao teu traballo actual.

É a miña primeira experiencia laboral. En terceiro de carreira comecei unhas prácticas curriculares e tras un parón para estudar o máster volvíñ hai un ano para entrar xa de cheo na empresa.

2- Sempre quixeches ser enxeñeira?

Sempre me gustaron as materias máis técnicas e de números, pero non tiña claro que quería facer. Pasei por moitas etapas (como a maioría de nenos e nenas): quixen ser música, posto que dende moi pequena comecei a tocar o violín e era algo que me encantaba, tamén quixen ser matemática, posto que era a materia máis achegada á rama técnica que se dá dende moi pequenos, e encantábanme os números. Cambiei de opinión cando empecei a ter máis variedade de materias na ESO, como Tecnoloxía ou Física. En Bacharelato descubrín que me encantaba o Debuxo técnico pero tamén materias como Electrotecnia. Ao final decanteime por Enxeñaría de Telecomunicacións por ser unha carreira moi ampla, con saídas laborais moi diferentes.

3- Poderías explicarnos en que consiste un día teu de traballo?

Actualmente traballo na liña de procesado de linguaxe natural. Gradiant é un centro tecnolóxico, polo que nos dedicamos a facer distintos proxectos para dotar as empresas de tecnoloxías innovadoras e facelas así máis competitivas no mercado. Traballo actualmente en proxectos europeos H2020 e en distintos proxectos directos con empresas galegas.

4- Cantas horas dedicas á túa formación fóra do traballo?

Actualmente estou a terminar o máster en Enxeñaría de Teleco-

municacións polo que dedico moitas horas á miña formación. Tamén estou nun proxecto coa universidade no que estamos a fabricar un barco solar para competir na Energy Boat Challenge en Mónaco.

Nesta profesión a formación é moi importante posto que as tecnoloxías se atopan en continuo avance.

5- Contas con todos os recursos necesarios para desenvolver plenamente o teu traballo?

Si. Actualmente traballo cun modelo híbrido de traballo presencial e telemático, polo que conto con todo o necesario para traballar na oficina, ou onde eu queira. Creo que isto é o que máis valoro da miña profesión, a flexibilidade que existe para tele-traballar.

6- No teu traballo notas diferenza entre homes e mulleres ou hai plena igualdade?

No meu caso nunca tiven a sensación de sentirme desprazada ou menosprezada no traballo. Si que é verdade que cando cheguei á empresa había moi poucas mulleres pero tamén porque a porcentaxe de mulleres na profesión era moi pequena. Actualmente xa somos moitas máis mulleres as que nos graduamos en Enxeñaría.

7- Que consellos lles darías aos estudantes do noso IES Martaguisela que estean pensando en dedicarse á túa profesión?

Que non teñan medo de facer o que lles gusta. Teleco ten fama de difícil e xusto por iso eu meditei moito estudala pois non sabía se ía ser capaz. Ao final conseguín sacala e agora teño a posibilidade de traballar en campos moi diferentes. É moi difícil elixir con 18 anos o que queres facer para o resto da túa vida, por iso creo que é importante (se non o tes claro) elixir unha carreira que che permita ir elixindo pouco a pouco.



"O solpor deita no mar
o seu celme de laranxa..."

2022 ano de FLORENCIO D G

Debe de haber outro xeito de vivir

César González. Profesor de Lingua Castelá

Párate a escoitar os laios do mar que hai tempo que nos ve e non nos entende.

Estamos abocados a ter mares onde os únicos peixes capaces de sobrevivir están feitos de petróleo. O ser humano ten a destreza de destruír sen valorar as consecuencias, transformar o seu alimento nun veneno mortal que pouco a pouco apodérase do noso planeta converténdoo nun vertedoiro inhabitable.

Anualmente, 12,7 millóns de toneladas pasan a formar parte dos nosos océanos. O noso planeta ten límites, debemos ser conscientes diso.

Desde o IES Martaguisela, os alumnos de 2º ESO C, queren enviarnos unha invitación á reciclaxe e ao respecto co medio ambiente a través desa recreación dun mar de plástico nunha das entradas ao centro.

Segue a regra dos tres erres: **Reducir, Reutilizar e Reciclar.**





"Orballada de flores no solo deita"

2022 ano de FLORENCIO D G



Volver ás orixes, volver ás excursións

Iago Novoa. Profesor de Filosofía.

Volver ás orixes: da nosa natureza, da cultura e da historia humana, da arte, da fabricación, dos funerais. Pero volver, tamén, a recobrar o equilibrio: entre o ensino e o lecer, entre o aprender e o desfrutar, entre permanecer e viaxar.

Despois duns anos feitos ermos pola pandemia, no que ás actividades extraescolares respecta, volvemos facer excursións porque xa tocaba, porque xa o merecían. Era fonda a sede de algo ameno co que combater a densidade das clases sen pausa. Especialmente o alumnado de 1º de bacharelato, que se prepara para entrar no seu sprint final deste tránsito polo ensino secundario, precisaba de aire fresco, despois dun 3º da ESO truncado, despois dun 4º da ESO enclostrado.

Con todas esas ganas gardadas nas maletas, arrancámonos na nosa viaxe para facer a primeira parada no Parque de atraccións de Madrid. Unha experiencia lúdica, con doses de terror catártico, cunha alta produción de adrenalina, na que o alumnado (e nós con eles) se catapultou polos aires, a toda velocidade, xirando, berrando e gozando.

Tras facer noite en Burgos, amencemos ó día seguinte dispostos a explorar a cidade de ampla herdanza medieval. Unha visita pola súa Catedral gótica, chea de detalles, deixarse vagar polas rúas do casco vello e desfrutar da comida burgalesa foron as actividades que encheron a nosa mañá. Coas enerxías repostas, acudimos a visitar o Museo da evolución humana, onde coñecemos ós nosos parentes máis achegados na árbore xenealóxica das especies e puidemos contemplar a diversidade perdida do xénero humano, imaxinando algún tempo pretérito no que nós, os Homo sapiens, convivimos cos nosos curmáns os neandertais. Co serán fomos despedir a nosa estadía en Burgos admirando dende o alto do Castelo unha vista panorámica da cidade. O bulicioso regreso ó hotel anunciaba unha derradeira noite de troula na que a rapazada desfrutou dos últimos momentos cos seus compañeiros de habitación e, se cadra, pode que algún que outro veciño.

Comezamos a fin da excursión coa nosa

visita guiada polo xacemento da furada Serra de Atapuerca, para observar antigas cavernas onde se depositaron os vellos ósos dos nosos devanceiros. Alí relatáronnos a historia de Miguelón e Benjamina, dous individuos que puideron sobrevivir (o primeiro cunha infección dental, a segunda cunha malformación cranial) máis tempo do que as durezas e cruezas daquela época lles permitirían. Con eles aprendemos a esencial verdade que os nosos tempos non deberan esquecer: que (sobre)vivimos e prosperamos sendo grupo e grazas ó coidado duns ós outros. Que a pesar do instintivo egoísmo arraigado na máis forte pulsión pola supervivencia hai lugar para transcender a preocupación por un mesmo e entregarse ós lazos sociais, á pertenza e á solidariedade altruísta de axudar mesmo a quen non ten que ofrecer a cambio. Lembramos que somos vulnerables, pero que o coidado nos fai máis fortes e libres.

En último lugar, somerxémonos de cheo na prehistoria humana da man da nosa guía no CAREX (Centro de Arqueoloxía Experimental) que nos convidou a meternos na propia pel dos nosos antepasados: tallando seixos para transformalos nas primeiras ferramentas cortantes, disparando frechas a presas imaxinarias, contemplando os nosos primeiros enterros, as primeiras obras de arte, e, finalmente, prendendo o lume da cultura que nos trouxo ata aquí, transmitida e herdada de xeración en xeración.

Crónica de Burgos e Madrid

Lara Poncelas e Javier da Costa, 1º Bacharelato A

Os alumnos das dúas clases de Primeiro de Bacharelato marchamos de excursión o día 6 de maio. A primeira saída despois de tres anos de pandemia sen saír máis dunhas horas do recinto do IES Martaguisela.

Os alumnos collemos o autobús ás 7 e media da mañá, os nervios e emocións estendíanse entre todos. As seguintes catro horas estiveron cheas de música e risas, ata que acabamos chegando ao noso destino moi ilusionados (Madrid). Coas presións tivemos un despiste e chegamos ao parque de atraccións que non era, logo tivemos que dar a volta máis ansiosos ca nunca e con máis ganas de pasalo ben despois de tanto tempo sen saír do centro.

Ao chegar, distribuímonos e pasamos o día no parque de atraccións de Madrid. Montamos en todo tipo de atraccións, desde as de auga ata montañas rusas, mesmo pasando pola pasaxe do terror de The Walking Dead. O día resultou curto para o ben que o pasamos, e creo que Javi e mais eu falamos por boca de todos, cando dicimos que repetiríamos a experiencia cos ollos pechados.

Cerca das nove da noite montamos de novo no autobús e marchamos cara ao hotel, xa cansos de todo o día e con ganas de instalarnos durante as próximas dúas noites. Desfixemos as maletas e puxemos a roupa para durmir, xogamos ás cartas e pasamos falando a maior parte da noite.

Xa cansos de toda a noite baixamos a almorzar e volvemos montar no autobús camiño á cidade de Burgos, na que moitos de nós non estiveramos nunca. Pasamos o día pola cidade, moitos de nós entramos na catedral e paseamos polas súas rúas, ademais apoiámos o comercio local mercando recordatorios para nós e a nosa familia. Chegadas as cinco da tarde xuntámonos de novo na praza da catedral e fomos ao Museo da Evolución, alí ensináronnos as diferentes especies de homínidos ata a actual, unha representación do cerebro humano e descubrimos como era a vida dos antigos e a explicación dos seus trazos físicos e actividades ás que se dedicaban na época.

Pasadas dúas ou tres horas saímos do museo e unha parte de nós fomos visitar o castelo, onde estivemos facendo fotografías para o recordo nun miradoiro próximo. Chegada a noite, montamos de novo no autobús e volvemos ao hotel despois de cear polas rúas da cidade.

A noite transcorreu do mesmo modo que a anterior, e á mañá seguinte xa tivemos que despedirnos do hotel. Espertamos cedo e fomos almorzar, logo fixemos as maletas e poñiamos fin á nosa estancia en Burgos. Puxemos rumbo ao xacemento de Atapuerca, onde estiveron explicándonos as escavacións que se fixeron alí ao longo dos anos. Pasadas as horas volvemos ao autobús e fomos ao Museo Arqueolóxico CAREX, no que nos explicaron como era a vida dos primeiros homínidos, as primeiras expresións de arte descubertas, a súa forma de cazar, de fabricar as súas ferramentas e como facían lume para quentarse e cociñar (entre outros).



Xa por último emprendemos o camiño ao Barco, tras pasar unhas horas nunha estación de servizo onde comemos e descansamos antes de volver subir ao autobús. Cansos da viaxe pero contentos pola estancia e actividades realizadas, chegamos ao Barco.

En nome de todos, temos que dicir que repetiríamos eses tres días, sen ningunha dúbida, tanto pola aprendizaxe e coñecementos adquiridos a partir das actividades realizadas e polo compañeirismo e trato tanto do alumnado, profesorado e condutor do autobús (que boa paciencia tiveron que ter durante eses días).

Esperamos que o próximo ano máis e mellor.






2º ESO C



3º ESO A



3º ESO C



3º ESO B



4° ESO A



4° ESO B



1º Bach A



1º Bach B



Pessoal do centro 2021-22

Xa sei que a titoría non é un mito pero son de Clásicas

Pilar Alonso. Profesora de Latín

Dedicado aos meus alumnos (e, moi especialmente, aos de 4º B).

Outro curso que remata. Todos os cursos son especiais. Entre todos os motivos que fixeron que este aínda o fose máis para min, está o feito de ter sido a titora dun grupo da ESO: 4º B.

Se todos os anos, ao inicio do curso, vénse á cabeza Sísifo, subindo a pendente unha e outra vez coa pedra ao lombo, este ano de quen máis me acordei foi do xigante Atlas, condenado por Zeus a soste-la bóveda do ceo nas súas costas. Tal é a carga dunha titoría que se recibe case como unha condena. A responsabilidade non é pouca, o traballo moito, mais o recoñecemento nulo, sen compensación horaria coa que poder facer ben a tarefa, tarefa

que se engade polo mesmo prezo ao cada vez máis abafante traballo da docencia.

Mais onde pensamos que está a carga, está tamén a recompensa. É na bóveda celeste onde na noite reloca as estrelas. Son elas as que guían o camiño e a elas debemos mirar para poder seguilo e non, como os necios, quedar apampanado para o dedo que apunta a elas. Na nosa profesión as estrelas son os rapaces pero cada vez hai máis dedos apuntando a eles e acaparando toda a nosa atención. Se queremos atendelos ben, como se merecen, de acordo coas súas diversas necesidades e realidades, necesitamos tempo e calma, un luxo nos nosos días, afogados como estamos pola burocracia, esa hidra de Ler-na á que non vale cortarlle unha cabeza

porque lle renacen outras dúas, cando xa tampouco quedan na Terra heroes hercúleos dispostos a facer tal labor, aínda que no Olimpo os deuses sigan a rir alleos ás miserias dos simples mortais.

O curso está rematando e, cando boto a mirada atrás, cal Orfeo nos Infernos buscando a súa amada Eurídice, como Eurídice todo se esvaece, excepto o sentimento por Eurídice mesma. E ese sentimento é o que fará que mereza a pena baixar aos Infernos na procura da amada cantas veces faga falta, cal Orfeo convertido en Sísifo que de novo sobe a pendente como se fose Atlas sostendo a bóveda celeste nas súas hercúleas costas.



Córgomo, nas súas palabras. Córgomo, segundo nós

David Cao. 1º Bach

Días antes da chegada do día das letras galegas, este ano dedicadas a Florencio Delgado Gurriarán, tivemos o alumnado de primeiro de bacharelato o pracer de visitar as fermosas rúas do lugar no que o autor medrou e lugar tamén que deixou nel unha gran pegada que perdurou con forza aínda que tivo que marchar ás Américas. Paseando dende O Barco ata Córgomo, acompañamos a nosa viaxe cos poemas que Florencio escribía ao mesmo tempo que imaxinaba e recordaba mainamente cada detalle que describía a súa "bocarrubeira crara". Dende

o río Farellos, o seu "souril brinquedo das augas", ata a Caldeira, seu "espelliño ledo, cristal manseliño [...]"; puídemos ter a oportunidade de ver o que el estrañaba, co apego e ledicia coa que nos guía pola serra, as hortas, os soutos e os regueiros da súa crianza.

Non só recitamos algúns dos seus poemas mentres visitamos o lugar ao que facían referencia senón que tamén puídemos empatizar coa súa poesía, con Córgomo e coas persoas que viven nel. Un lugar lindo ata a raíz, tanto nos seus versos coma no que nós puídemos reparar.



Encontros literarios no IES

Martaguisela

Pilar López. Profesora de Lingua Galega



✂ Visita de Andrea Maceiras

Dentro do **Plan Proxecta**, *365 días de respecto e igualdade*, e en colaboración coa Biblioteca do centro, levamos a cabo un encontro literario coa escritora Andrea Maceiras que nos veu falar de dous dos libros que leu o alumnado de 1º e 3º ESO, *A follá azul* e *Europa Express* respectivamente. Esta xuntanza tivo lugar o día 7 de marzo, previo ao Día da Muller, para pór en valor o traballo desta magnífica autora. Foi Diego Nogueiras Pérez de 3º ESO o encargado de presentarnos a escritora que dende moi nova sentiu un amor extraordinario polas historias e comezou a escribir para unha destinataria moi especial como era a súa irmá pequena, de aí que se dedicase á literatura infantil e xuvenil. Diego Nogueiras destacou a súa prolífera actividade literaria (*Proxecto bolboreta*, *O segredo do lagarto arnal*, *Nubes de evolución*, *Miña querida Sherezade*, *Volverás golfiño*, *Conta nove estrelas* e *O que sei do silencio*) e os diferentes premios acadados (premio



Meiga Moira, Premio Jules Verne, Premio Lazarillo, etc). Ademais subliñou que escribe por todas as cousas que foron, serán ou puideron ter sido, xa que concibe a literatura como unha forma diferente de existencia ou viaxe. Deseguido Alejandro Martínez González, India López Arias e Jairo Núñez Nogueira, alumnos de 3º ESO, realizáronlle unha entrevista que vos deixamos para que a escoitedes.

A continuación, o alumnado de 3º ESO mantivo unha conversa moi amena coa escritora entorno á obra *Europa Express* que leron durante o primeiro trimestre e ao finalizar asinoules os exemplares que previamente mercaran.

Para rematar a tarde literaria, o alumnado de 1º ESO achegouse ao Salón de Actos para falar sobre a obra *A follá azul*. Neste caso, Andrea Maceiras contoulle a súa paixón pola selva amazónica compartindo reflexións moi interesantes nas que interveu o alumnado de xeito activo e emocionou a propia escritora. Como non podía ser doutro xeito, tamén lle asinou os exemplares do libro *A follá azul*.

§ Visita de Raquel Castro

Dentro do programa "Encuentros literarios" da Dirección General del Libro y Fomento de la Lectura do Ministerio de Cultura y Deporte e do Plan Proxecta "Por 365 días de respecto e igualdade" tivemos a ocasión de que nos visitase a escritora Raquel Castro o pasado venres, día 18 de marzo, para compartir co alumnado de 2º ESO a súa obra dramática *Dormente*.

O alumnado previamente á visita da autora lembrou o conto tradicional "La Bella Durmiente" en quen se inspirou Raquel Castro para a continuación levar a cabo unha lectura dramatizada da peza de teatro na aula, ademais tamén elaborou unha pre-

sentación biográfica e unhas preguntas para facerlle unha entrevista á autora.

As profesoras responsables desta tarefa foron Pilar Fernández nos grupos 2º ESO A e C e Pilar López en 2º ESO B do Departamento de Lingua e Literatura Galega. As/os alumnas/os encargadas de presentar a escritora en 2º B foron: Sofía Lobo Rodríguez, Leo Núñez Santín e Naia González López e Sarahí Gázquez Meza e Fernando López Braz quen lle formulou varias preguntas. Na segunda quenda do encontro foron Sara Arias Cotarelo de 2º ESO A e Ángel Vedo Vidal de 2º ESO C os que presentaron a autora de *Dormente*.

Deixámosvos fotografías destes encontros.



Novo dicionario de emocións

Manuela Álvarez. Profesora de Lingua Castelá. Alumnado de 3º ESO

O alumnado de 3º ESO, ao longo dos dous últimos trimestres, reflexionou acertadamente ante distintas palabras que galopan no seu corazón e cabeceira adolescente, coas que irán formando un dicionario de sentimentos e recomendacións. Queres ver un adianto?

Co A, *amizade*

1. f. Sentimento moi forte que vai acompañado do querer e o amor, pero non de forma romántica, senón como saber que esa persoa estará aí tanto nos bos como nos malos momentos. Pero tamén hai "amizades falsas" que son todo o contrario á transparencia das verdadeiras. Aplícate nese caso o dito *Mellor só que mal acompañado*. Pode que non o creas ata que non o vivas, pero o mellor é que saltes ese paso.

Co G, *guerra*

1. f. Palavra que ao escoitala, durante os últimos días, fai que se lle poña a un a pel de galiña. As persoas ás veces non entenden, e en vez de falar, solucionar ou negociar recorren ao peor, atacar. Exactamente, o que estamos a vivir actualmente co de Ucraína e Rusia. Nunca entenderei a guerra, nin o que a provoca nin o que fomenta. Aínda que nós non podemos facer que isto pare, sempre poderemos mandarlles o noso apoio ás vítimas.

2. f. Non trae beneficios para ninguén, só mortes para ambos os bandos e repercusións económicas para practicamente todo o mundo. En resumo, para que? De que serve? As respostas son *para nada e de nada*.

3. f. Palavra curta, de só dúas sílabas, dúas sílabas que matan e destrúen, deixando todo do revés. Como pode unha palabra causar tanta dor?

Co I, *invisibilidade*

1. f. O poder de ser invisible por un día non é algo que a moitas persoas lles gustaría ter. E como esa é a habilidade que agora mesmo posúo, faría... como só son 24 horas, non podería facer grandes cousas, pero igualmente me divertiría e, por suposto, riría. Tería sido mellor que este poder me durase unha semana,

pero de todas formas, confórmome. Sempre un pouco é mellor que nada.

2. f. Penso que me sentiría un pouco soa, porque, que ninguén te vexa, debe de ser un pouco frustrante ao fin e ao cabo. O mellor entón, sería ter un botón para deixar de ser invisible cando ti o prefiras.

Co M, *mentira*

1. f. O mentir é como encher un vaso de auga, pero sen parar. Canto máis mentes, máis cheo está, ata que chega un momento no que a auga se desborda, e xa non poderás facer nada ao respecto, porque todo irá na túa contra e xa non confiarán máis na túa persoa, incluso ata cando digas a verdade. Cando se chega a esa fase, aínda que lle deas a volta ao vaso, a auga derramada tardará moito en secar, ao igual que tardarás ti en recuperar fiabilidade e credibilidade. Aínda así Jacinto Benavente dicía: *Non está mal unha mala mentira, cando defendes con ela unha boa verdade*.

2. f. Podo usar o meu día a día como exemplo: Xa fixen os deberes, xa estudei... Moi beneficiosas para calquera estudante. En resumo, vivimos rodeados de mentiras.

Co S, *sesta*

1. f. Invento español, sen dúbida ningunha, de Andalucía concretamente. Eu hai anos que practico os seus costumes e teño que dicir que a sesta debería ser unha materia no instituto.

2. f. Para min, a peor cousa que hai. Durmirmos despois de comer ata as cinco ou seis da tarde, unha perda de tempo. Ódioa, odio durmirmos a sesta! Non me estraña que os estranxeiros nos traten de vagos. E non contentos coa sesta, agora descubro que tamén existe a *sesta do carneiro*, a que se dorme antes da comida do mediodía. Para iso, non te levantes!



"As nubes
enamoras da serra,
andan a buscarlle as voltas"
2022 ano de FLORENCIO D G





"AMAÑECER DE SAN XOÁN"

"Os mociños bailan ledos
ao redor dunha fogueira"

2022 ano de FLORENCIO D G



"Il dolce far niente"

Ana María Fernández, Orientadora

O teléfono móbil, as redes sociais, vídeo xogos, ...vivimos nunha sociedade sobreestimulante, na que emocións como a tristeza, a apatía e o aburrimiento son consideradas de xeito negativo, debendo ocultalas, evitalas ou mesmo rexeitalas. Cantos vídeos e fotos colgamos en Facebook ou Insta-

gram onde aparezamos tristes ou aburridos ?

Cantos nos que amosamos ao mundo que estamos no cume da ferrosura, do entretemento e a felicidade? Estámonos volvendo intolerantes ante o aburrimiento e lanzámonos a unha busca rápida e superficial de entretemento que, de xeito paradoxal, provoca máis cansazo e insatisfacción.

Como emoción, o aburrimiento xorde da percepción subxectiva de malestar que se atribúe á falta de motivación polos estímulos externos. Tal percepción subxectiva depende en grande medida da valoración que fagamos desa situación de ineficacia da estimulación. Toda emoción ten unha funcionalidade, unha utilidade para quen a experimenta e, o aburrimiento, tamén. Convén escoitar o sinal, aceptalo e reflexionar sobre o que nos está avisando, en lugar de botarse en brazos dos centos de opcións de divertimentos, pasatempos, distraccións que, "desinteresadamente", nos ofrecen desde o exterior. É a oportunidade para pensar se a raíz do aburrimiento está nos estímulos exteriores ou na nosa dificultade para tolerar eses tempos de "baleiro", que poderán ser enchidos posteriormente con actividades valiosas para nós e para os demais. Desde o aburrimiento podemos albiscar se estamos desatendendo aspectos importantes da nosa vida. Se en lugar de fuxir rapidamente desa sensación de malestar, a experimentamos con aceptación, permitiremos que agromen os seus beneficios.

Numerosas investigacións dentro da psicoloxía e a neurociencia, refiren beneficios dun aburrimiento ben xestionado:

1. Aumenta a creatividade.

Se tódolos xogos e distraccións nos son dados desde afora, para que imos pensar nós en alternativas diferentes? (Lembremos, iso si, que axiña eses xogos sofisticados nos saturarán e xa non serán estimulantes)

2. Ofrece unha oportunidade para practicar e desenvolver a atención plena, e isto mellora o sono e estabilidade emocional.

Permite a introspección e a vivencia profunda de que existimos, de que vivimos.

Con frecuencia temos tantas actividades e tantas ocupacións que nos pasa a vida sen ter conciencia de que estamos vivos.

3. Fomenta o pensamento difuso

Con frecuencia pensamos que só podemos aprender ou resolver unha tarefa cando estamos centrados nela (pensamento enfocado). Pero isto non é certo, precisamos combinar o xeito enfocado con outro o chamado "pensamento difuso". Este ponse en funcionamento cando deixamos de centrarnos na tarefa e nos poñemos a facer outra actividade con menor esixencia cognitiva ou a non facer nada. O cerebro segue a traballar en segundo plano ou inconscientemente na tarefa pendente, combinando e relacionando ideas que xa adquiriches para acadar unha aprendizaxe máis sólida. Este pensamento difuso correlaciona positivamente coa creatividade.

Remata o curso, achéganse as vacacións e afanámonos en planificar actividades de lecer estimulantes e , moitas veces, esgotadoras. Sentimos a obriga de divertirnos, desfrutar, estar activos. Desde estas reflexión convidovos a " il dolce far niente", a sentar e ver pasar a vida, a mirar cara dentro de vós e a desfrutar do doce aburrimiento.

Que a sorte vos acompañe!

Claustro de profesores e profesoras

Foron, para vós, estes días, alumnos e alumnas de 2º de Bacharelato, as derradeiras xornadas de clase e intenso estudo. Remata aquí o esforzo e dedicación **duns anos** cos seus contrastes. Sortear a difícil situación da pandemia resultou un dos maiores desafíos, tanto para vós como para nós, os vosos profesores e profesoras. E iso leavedes tamén nas vosas mochilas, as lembranzas de momentos de sacrificio intelectual, de crecemento persoal, e os instantes de riso compartido, de lecer; non esquezades **quen estivo con vós nestes últimos**

anos pero lembre especialmente aos que vos alentaron nos primeiros: familia, amigos e como non, o voso profesorado.

A partir de agora toca andar por outros camiños, empezar empresa nova, comezar o que agardamos sexa unha etapa abondosa en entrega e traballo, que os éxitos virán tarde ou cedo!

Parabéns aos graduados! E non fai falta dicir que os que aquí quedamos sentímonos felices coa vosa felicidade e agardamos que volvedes polo centro a compartila!



Sociedade: podemos mentir xustificadamente sempre e cando sexa polo ben da outra persoa, pois as nosas intencións son boas.

Kant:



Os outros filósofos discutindo se a alma e o corpo son ou non a mesma substancia



Nietzsche: o Superhumano crea os seus propios valores, tómase a vida con inocencia e sen culpas, recupera as súas paixóns e dominaas sen reprimilas. Así, a súa vontade é máis sa e libre.

O Superhumano actual:



Saoko papi Saoko

Cando nun exame che preguntan polo tempo e ti contestas que o presente non é máis ca unha ilusión, porque dura apenas un intre imperceptible que nunca se volverá a repetir, mentres que o único que verdadeiramente existe é o pasado, pois é onde se recolle a historia da túa vida; pero entregas e decátaste de que a proba era de física.



a mente dos alumnos:

O alumnado de 1º de Bach estivo a reflexionar a través dos memes co seu profesor de Filosofía Iago Novoa

Recomendamos... 2022!

Facede caso destas recomendacións!
Palabra de alumnado de 1º de Bach.

Película ou serie

A tumba dos vagalumes, Isao Takahata

Divergente

Cars

Hasta el último hombre

Cars 2

A dos metros de ti

A través de mi ventana

Múltiple

El círculo

A ciegas

Peacky Blinders (serie)

El hobbit

Juego de tronos (serie)

Bajo la misma estrella

Cars, 3

El barco (serie)

Bohemian Rhapsody

Ice Age

Los juegos del hambre (serie)

Una cuestión de género

Insidious

Xextremo

Arcane (serie)

Shrek 1 e 2

Libro

Oscar Wilde: O retrato de Dorian Gray

Flor M. Salvador: Boulevard

Luis García Jambina, El manuscrito de piedra

Jeff Kinney, El diario de Greg

Eloy Moreno, Invisible

Alice Kellen, Las alas de Sophie

Jane Austen, Orgullo y prejuicio

Joel Levy, Ingeniería en segundos

Almudena Grandes, La madre de Frankenstein

Sonia Mirón, Un sol dentro de mi

Agatha Christie, El misterio del tren azul

Domingo Villar, O último barco

Julia Quinn, Los Bridgerton

Eichiro Oda, One piece

J. K. Rowling, Harry Potter e o preso de Azkaban

Andrzej Sapkowski, The Witcher

John Green, Ciudades de papel

Ledicia Costas: Golpes de luz

Tatsuki Fujimoto, Chainsane Man

Brian Greene, El universo elegante

Xesús Fraga, Virtudes (e misterios)

Vengadores: Endgame

Olga Novo: Feliz idade

Kentarō Miura, Berserk

Breves



Pensamentos e fermoso retrato de Mauro Docampo no Día de Rosalía



Dramatización teatral polo día de Rosalía, Jairo, Miguel e Julia. Bravo!

Breves



Concentración o día do 25 N contra a violencia de xénero



Día das escritoras, con actividades e exposición na biblioteca



Entroidada



Premio a Inés López e Antela Roo a mellor ponencia técnica no Congreso de Jóvenes expertos!



Congreso de Jóvenes expertos. Alumnado de 4º ESO e 1º Bach.

Breves



Día da muller na ciencia



Charla da axencia tributaria



Día da muller 8 marzo



Miguel Palmer e Mario Prada. Gañadores do II premio Informatizate da Escola Técnica superior de Enxenaaría



Exposición de mulleres compositoras

Breves



Rally matemático e científico sen fronteiras. Os nosos equipos de 3º e 4º quedaron SEGUNDOS DE GALICIA! no Rally científico e matemático.



Clube laboratorio de ciencias



Concurso de memes de Florencio organizado pola ANPA. Este curso, como ven sendo habitual a nosa ANPA organizou un concurso de memes sobre Florencio Delgado Gurriarán. Foi un éxito! Todos os participantes levaron agasallo pero houbo premio especial para os tres gañadores. Aquí tedes as fotos!

Breves



Olimpiada matemática



Actuación de Fátima Delgado. "Poesía e pulso"



NON á guerra concentración dentro e fora do centro



Mención honorífica para Mauro Docampo no concurso de recitado poético "Rosalía sempre viva".



Torneo Xadrez. Gañador Ekaitz Real



Breves



Viaxe a Cataluña . 4º ESO



Gañadores do concurso relatos de Samaín. Ainara, Juan, Duarte, Sheila e Diego



Exposición Martaguiselarte, organizada pola ANPA con obras de artistas locais e do alumnado de Bacharelato de artes do IES Martaguisela



15 visións. Magnífico traballo do alumnado de 2, 3º e 4º ESO e a súa profesora Pilar López como figurantes femininos de cadros famosos. Actividade dentro do Plan Proxecta+ que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade pon á disposición dos centros escolares, o noso centro decidiu participar no Plan "Por 365 días de respecto e igualdade"



Non é unha despedida máis

Fernando Alonso. Profesor de Historia

O tempo continúa co seu inexorable avance e así, vanse acumulando despedidas (creo que agora se chaman xubilacións) de compañeiros das que algunhas pesan máis que outras, pero unha das deste ano, éme especial por ter compartido departamento durante dezaioito anos.

Cando se me propuxo escribir unhas palabras sobre a despedida de Mirita, pregunteime sobre como abordalo; falando do meu trato con ela como compañeiro de departamento e creo que amigo?, da súa relación co alumnado e o profesorado? En fin, optei claramente pola primeira.

A lembranza que vén á miña memoria foi cando a coñecín, na primeira reunión do Departamento de Xeografía e Historia celebrada en setembro do ano 2004 na que xa me mostrou claramente moitas das súas calidades: un gran sentido da xustiza, compañeirismo, decisión, lealdade, unha gran competencia profesional, e outras moitas que farían moi longa esta lista de adxectivos cualificativos.

Anos máis tarde, cando me tocou exercer como subdirector, descubrín outras que afloraron co trato como compañeira do equipo directivo como son a inmensa capacidade de traballo, a enerxía, un gran sentido de colaboración, pero so-



bre todo, a bondade, o desinterese por nunca querer obter nada a cambio e un compañeirismo ilimitado.

Agora dinos que se vai xubilar, pero nós egoistamente dicímoslle que non o faga, que que fará unha vez que non traballe, que se aburrirá, que que pena de talento, vocación e enerxía infrautilizada etc, pero todos no fondo, sabemos que o ten

máis que merecido despois de tantos anos con nós.

Por todo isto desexámosche o mellor, pero só che diremos un ata sempre no sentido estritamente laboral, **xa que queremos seguir desfrutando da túa amizade e compañía durante moitos anos máis.**

Ata sempre, Mirita!

Secretarios, profesores e compañeiros

Manolo Barreiro. Profesor de Matemáticas

No curso 92-93 houbo unha grande renovación no claustro do que era entón o "Instituto de Bacharelato de O Barco de Valdeorras". Algúns chegamos coa idea de estar uns anos e marchar para os nosos lugares de orixe e, pola contra, outros estaban precisamente volvendo a casa. Entre eles chegaron Domingo e Vicente. O primeiro de San Vicente e que xa estudara no propio instituto e o outro da Pobra do Caramiñal e sen lazos con Valdeorras; un de Matemáticas e o outro de Física e química; un do Barça e outro do Madrid; un con dous fillos e o outro con dúas fillas; un máis extravertido e o outro máis discreto..., calquera diría que non terían nada en común. Pero non é así, o tempo demostraría que eran máis aíns do que podería parecer nun principio.

Para empezar, e no aspecto extraescolar, porque os dous participaban nos partidos de fútbol-sala de profesorado sempre que se presentaba a ocasión. Desde os tempos nos que xogabamos cos desgraciadamente desaparecidos José Manuel e Cortés (pai da nosa com-





pañeira Marta) nas ligas internas ou nas que organizabamos co alumnado e profesorado de formación profesional, non houbo celebración (nadal, magosto, fin de curso,...) na que non se apuntaran a xogar contra quen fora necesario, xa fora profesorado ou alumnado. Ata tivemos que arbitrar máis de unha vez.

Tamén no aspecto profesional teñen en común que comparásemos equipo directivo e os dous como secretarios. De feito, Domingo tomou o relevo de Vicente cando a que era directora Montse (Montserrat Prieto) se trasladou e ocupou o seu cargo Conchi (Concepción Iglesias). Non sei se o secretario de centro

é unha "especie" peculiar pero todos se volven moi aforradores, polo menos durante os tres primeiros cuartos de ano e, cando ven que non vai haber problemas para chegar a final de ano vólvense máis "xenerosos". Tampouco sei se está pasando algo con eles pero nun ano xubílanosenos tres dos últimos secretarios do centro.

Finalmente, e é o máis importante, teñen en común o seu traballo como profesores. A este respecto foron dous profesores preocupados polo alumnado non só como tal senón tamén como persoas. No día a día buscaron sempre dar o mellor de si no aspecto académico para que calquera alumno que saíra do centro puidera sacar o maior proveito ás súas capacidades pero sen descoirdar o seu enriquecemento persoal. Por desgraza, o alumnado non sempre é consciente do que profesores como Domingo e Vicente se preocuparon por eles durante a súa estancia no instituto.

Agora chega o momento de empezar unha nova vida na que desfrutar do seu tempo. Ás veces dá a impresión de que hai persoas que están e cando deixan de estar non se nota a súa ausencia; non será o caso de Domingo e Vicente, nin no aspecto persoal nin no profesional. Seguro que en setembro virá alguén a ocupar a súa praza e traerá consigo todo o interese en facer ben o seu labor. E si, ocuparán a súa praza, pero non o seu lugar. Os que tivemos a sorte de compartir todos ou parte destes anos con eles sabemos que son insubstituíbles. Agora desexamos que disfruten do merecido descanso.

Ata sempre, Domingo e Vicente.

IN MEMORIAM

Carmiña. Conserxe do IES Martaguisela

Marta Cortés. Profesora de Música



Querida Carmiña, xa hai días que non nos vemos. Dinme que non atravesas un bo momento, que a túa saúde é fráxil e que os anos piden paso obrigándote, probablemente, a un descanso nunha viaxe sen retorno. Neste instante da tarde interrompida, parte importante da miña vida pasa por diante, co desgarrado que produce a noticia, co desconcerto vital que deixa a ausencia de persoas tan significativas para min como eras ti. Abríchesme as portas moitos primeiros días de curso, como alumna do instituto. Tiñas xa certa chispa e a alegría do aquí e agora adolescente que che facía irresistible á complicidade coa rapazada e que acabou por gañar o seu aprecio, labor difícil sobre todo se se pretende. Co teu natural fácil e encantador, abríchesnos tamén as portas da túa casa, que co tempo foi a de todos. Anos máis tarde, no retorno ás miñas orixes, pero agora como docente, nada cambiara, o mesmo alborozo indisoluble entre abertas por compartir espazo e tempo de novo as dúas. E despois...despois seguiu a festa! A presenza activa e participación de Carmiña na vida social do

Barco fixo dela unha imprescindible. Alí onde houbera celebración, xuntanza e música alí estaba co seu inseparable Toni, repartindo sorrisos sinceros mesturados cos cánticos e pasos de baile dos que tanto gustaba, sempre amable, tratable e sensible. Por iso eras fácil de querer, porque sorría procurando a felicidade allea a pesares de que ás veces custara, nos días nos que parou a música, pero elixiches non complicar, acompañar, favorecer, achegar, levantar, dar a cambio de nada.

No teu labor profesional quixeches ser e estar, ser xenerosa, estar pendente, facendo menos difícil a nosa vida docente, entendendo e suavizando como ninguén os contratemplos diarios e mellorando por tanto a convivencia. Deixaches, á túa marcha do centro, un baleiro difícil de reparar.

Nestes días do teu pasamento deille as grazas aos teus fillos, Chiqui e Jose por ter compartido **nai** con todos.

Boa viaxe Carmiña! Ah! as calas brancas que plantaches seguen a florecer espléndidas para alegrarnos, como facías ti.





"No caderno do camiño,
aprender quero a escribir"



2022 ano de
FLORENCIO D G






Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega

*Ata o vindeiro curso
Bo verán!*



Tiñamos varias portadas
pero había que elixir unha...



Gracias á ANPA pola súa colaboración